




UNIVERSIDADE DE  
SANTIAGO DE COMPOSTELA



As Normas de Xestión Académica establecen que son os centros os competentes para a realización da selección e adxudicación de destino ós alumnos que pretendan realiza-lo Practicum que figura nos planos de estudio..

O Plano de Estudos de 1993 da titulación de Psicoloxía ten establecido como materia anual de segundo ciclo o Practicum realizándose a xestión do mesmo na Facultade de Psicoloxía, en dous períodos ou quendas. A resolución pola que se convoca a matrícula para o curso 2000/2001 exclúe da matrícula da convocatoria de Fin de carreira os Practicum xa que son materias sometidas a procedementos de xestión singulares.

Para facilitar a conclusión dos estudos ós alumnos de Psicoloxía e necesario permitirlles que se presenten á convocatoria fin de carreira, sempre que fosen seleccionados polo centro para a realización do Practicum, polo que previo informe favorable do Centro

#### RESOLVO

**Primeiro.-** Os estudantes do plano de estudos de Psicoloxía poderán inscribirse na convocatoria Fin de Carreira sempre que fosen seleccionados polo centro para a realización do Practicum na primeira quenda deste curso académico e reúnan os demais requisitos que establecen as Normas de Xestión Académica para concorrer á convocatoria. Debido á singularidade desta materia non será de aplicación o requisito de estar matriculado desta materia en convocatorias anteriores.

**Segundo.-** O Centro enviará a Unidade de Xestión Académica do Campus Sur os alumnos que están realizando o Practicum na primeira quenda. O prazo para inscribirse nesta Convocatoria de fin de Carreira será do 11 ó 15 de decembro do 2000.

**Terceiro.-** Para os alumnos que tralos exames do primeiro cuadrimestre poidesen estar en condicións de realiza-lo practicum por mor de ter superadas as materias que ata o momento lle impedía matricularse del o centro abrirá un prazo de inscrición para a realización do Practicum nesta segunda quenda. As datas de inscrición estableceráas o centro

**Cuarto.-** Os alumnos seleccionados polo Centro nesta quenda poderán formaliza-la matrícula do Practicum na Unidade de Xestión Académica do Campus Sur, do 19 de marzo ó 23 de marzo do 2001

Santiago de Compostela, 11 de decembro de 2000

O RECTOR

Darío Villanueva Prieto

Sr. Vicerrector de Ordenación Académica e Titulacións, Sr. Secretario Xeral, Sr. Decano da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais, Sr. Xefe da Asesoría Xurídica, Sra. Xefa do Servicio de Alumnado, Sr. Xefe da Unidade de Xestión Académica do Campus Norte, Sr. Director do SEIN, Sr. Director do COIE.